

Recursos populares

Osouto do anano é, sen dúbida, un libro de poemas infantís atemporal pois, por non contar con referencias ao espazo e ao tempo e por versar sobre temas universais, tales como o ciclo das estacións, a natureza e mesmo a literatura, convértese nunha obra de lectura desexable para unha franxa de lectores moi ampla.

Os poemas, artellados arredor dun anano habitante do souto que serve de leitmotiv, non caen en reflexións existencialistas senón que, cun coidado e unha recreación formal moi significativos abranguen temas familiares, cotiáns e doados de entender por quen le.

Trátase entón de pequenas composicións, as máis delas non pasan dos catro versos, nas que a autora, Helena Villar Janeiro, mediante recursos lúdicos populares como as adiviñas ou a conxunción de diferentes recursos literarios vinculados á percepción polos sentidos, entre os cales salientan sobremaneira a vista e o oído, presenta un bosque poboado por seres fantásticos convertidos xa en símbolos da literatura infantil grazas ao universo mitolóxico común a moitas culturas e do que tanto gustan

Desde un texto aberto



PAULA FERNÁNDEZ

os autores nas obras infantís. Un bosque onde a figura do trasno, da fada ou do dragón aparecen inseridas sen sensación de estranñamento á beira dos animais que nel tamén habitan. E un bosque tamén que serve para representar as características máis visibles de cada estación e o xeito que ten de chegar cada unha ao lugar.

É, por outra banda, un texto aberto que comprende unha miscelánea de temas de consideración aínda que sen esquecer ese fio condutor xa nomeado onde tamén sobrancean as imaxes, algunhas se cadra xa tópicas, como a que fai descansar a lúa pousándose no río e outras máis orixinais como a dun castiñeiro que no outono dá flores de ouro.

En conxunto, unha colección de poemas de lectura agradable aínda que sen grandes pretensións no que atinxe á orixinalidade, se cadra o recurso do trasno que amosa o bosque xa foi empregado dabondo, mais dunha atención á forma case modernista ben adaptada á idade que fai que ler poesía siga a provocar sensacións e momentos moi prazenteiros.

VILLAR JANEIRO, Helena, *O souto do anano* (Ilustr. Marta Álvarez) Ed. Alfaguara-Obradoiro. Madrid, 2007. 52 páxinas.

